

PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A ATENCIÓN A ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Por Orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 12 de setembro de 2019, publicada no DOG do 26 de setembro, regúlase o réxime de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade cos criterios establecidos no artigo 12 da devandita orde, e en cumprimento do artigo 15 da mesma disposición,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> a resolución provisional das axudas, na que se detalla a cantidade asignada a cada centro que figura no anexo I (contratación de persoal complementario, reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores de contía non superior ao 15% da axuda e compra de material específico ordinario non inventariable) e no anexo II (adquisición de material inventariable específico para a atención de alumnado con necesidades de apoio educativo).

Esta resolución provisional comunicáraselle aos interesados a través do correo electrónico.

Segundo. Contra esta resolución provisional poderanse formular alegacións e achegar os documentos que se consideren pertinentes no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

(asinado dixitalmente)

